

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 1 DE AGOSTO DE 2013,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se dispón que cese Ricardo García Borregón como director xeral de Conservación da Natureza.
- Decreto polo que se nomea a Verónica Tellado Barcia nova directora xeral de Conservación da Natureza.
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade da estrada AC-215; Fonteculler (AC-211)-O Portádego (N-550) a prol do Concello de Culleredo.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería que ten as competencias en materia de educación.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Decreto polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2014.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Decreto polo que se dispón que cese Francisco José Vidal-Pardo como secretario xeral técnico da Consellería do Medio Rural e do Mar.
- Decreto polo que se nomea a Alfonso García Magariños novo secretario xeral técnico da Consellería do Medio Rural e do Mar.
- Decreto polo que se aproba o Regulamento de explotación dos portos deportivos e das zonas portuarias de uso náutico-deportivo de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se resolve o concurso público e se outorgan as licenzas para a prestación do servizo de comunicación audiovisual radiofónica de titularidade privada na Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2014 e se dá traslado deste ao Parlamento de Galicia.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza o gasto para a execución da obra de anteprojecto. Estación depuradora de augas residuais de Malpica. Malpica (A Coruña)", clave OH.315.1037, por unha contía de cinco millóns catrocentos cincuenta e oito mil cincocentos trece euros con setenta e nove céntimos (5.458.513,79 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas, o Concello da Coruña e a Autoridade Portuaria da Coruña para a construción da vía subterránea no peirao do Parrote por un importe total de catorce millóns noventa e tres mil trescentos oitenta e sete euros con sesenta e dous céntimos (14.093.387,62 euros).
- Acordo polo que se aproba o Plan de seca da Demarcación Hidrográfica Galicia – Costa.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do contrato programa entre a Axencia Galega de Innovación e a Fundación Profesor Novoa Santos para o desenvolvemento de programas de I + D + i Biosanitario.
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do contrato programa entre a Axencia Galega de Innovación e a Fundación para a Investigación, Desenvolvemento e Innovación Ramón Domínguez para o desenvolvemento de programas de I + D + i Biosanitario.

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do contrato programa entre a Axencia Galega de Innovación Biomédica do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo para o desenvolvemento de programas de I + D + i Biosanitario.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Real Academia Galega para realizar actuacións en materia de lexicografía, terminoloxía e sociolingüística da lingua galega, por importe de douscentos trinta e dous mil cento trinta e cinco euros (232.135 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as universidades do Sistema universitario de Galicia para o programa de estabilización 2013, por un importe total de dous millóns setecentos oitenta e tres mil catrocentos corenta e sete euros con catro céntimos (2.783.447,04 euros).
- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gastos de carácter plurianual por parte da Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en relación coas axudas de apoio á etapa predoutoral do Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015 (Plan I2C) para o ano 2013, cofinanciados polo Fondo Social Europeo, por un importe de cinco millóns trescentos noventa e oito mil douscentos euros (5.398.200,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o financiamento de recursos de información científica en liña, por un importe total dun millón noventa e dous mil euros (1.092.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e o Concello de Noia para a realización das obras de reparación e acondicionamento do Teatro Coliseo Noela, por un importe total de trescentos sete mil setecentos cincuenta e nove euros e cincuenta e catro céntimos de euro (307.759,54 euros).

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre o contrato programa entre a Axencia Galega de Innovación e a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica para o desenvolvemento de programas de I + D + i Biosanitario.

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A VERÓNICA TELLADO NOVA DIRECTORA XERAL DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA

- ***Substitúe no posto a Ricardo García Borregón, que cesa por petición propia***

O Consello da Xunta nomeou hoxe a enxeñeira Verónica Tellado Barcia nova directora xeral de Conservación da Natureza, que substitúe no posto a Ricardo García Borregón, que cesa tamén no día de hoxe por petición propia logo de estar á fronte da dirección xeral desde comezos da pasada lexislatura.

A nova responsable do centro directivo dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas naceu en Ferrol e é enxeñeira superior agrónoma pola Universidade de Santiago de Compostela.

A súa traxectoria profesional estivo sempre vinculada á xestión ambiental, primeiro como consultora no sector privado e desde 2009, ano en que accedeu ao corpo especial de enxeñeiros agrónomos da Xunta de Galicia, na Administración pública galega.

Antes do seu nomeamento, Verónica Tellado desempeñaba o cargo de subdirectora xeral de Residuos e Solos Contaminados dentro da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, en que tamén foi xefa de servizo en diferentes postos. Anteriormente, formou parte do Servizo de Intervención de Mercados do Fondo Galego de Garantía Agraria da Consellería do Medio Rural e do Mar.

A XUNTA TRANSFIRE AO CONCELLO DE CULLEREDO A ESTRADA AC-215, ENTRE FONTECULLER E O PORTÁDEGO

- *O cambio de titularidade está recollido no convenio que ambas as administracións asinaron no mes de xullo, convenio que tamén inclúe a execución de obras de mellora da seguridade viaria*
- *A Axencia Galega de Infraestruturas achegará un orzamento de 170.000 euros para esta actuación*

O Consello da Xunta celebrado hoxe aprobou a sinatura do decreto que autoriza o cambio de titularidade da estrada autonómica AC-215 (Fonteculler – O Portádego) a prol do Concello de Culleredo.

Esta transferencia de titularidade está recollida no convenio que asinaron o pasado 16 de xullo o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Agustín Hernández, e o alcalde de Culleredo, Julio Sacristán, convenio que tamén inclúe a execución de obras de melloras no treito entre os PQ 0+000 a 0+800, na zona do Portádego.

Tal e como recolle o decreto aprobado hoxe, a estrada AC-215 no Portádego adquiriu características claramente urbanas, con beirarrúas, edificacións e servizos municipais, o que xustifica a súa transferencia á entidade local.

A entrega formalizarase a través da sinatura da correspondente acta, momento a partir do cal lle corresponderán ao concello todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que lle poida corresponder como nova Administración titular da estrada.

Melloras na estrada

Unha vez transferida a estrada, o concello poderá licitar as obras de mellora dela que están incluídas no convenio recentemente asinado coa Xunta de Galicia. Ambas as administracións consideran preciso solucionar a carencia de beirarrúas que presenta nese treito a AC-215 na marxe esquerda e nun pequeno tramo na orixe da marxe dereita, así como o problema de recollida de augas pluviais.

Xunta e concello asinaron o acordo a mediados do pasado mes de xullo destacando que se trata dunha actuación importante pola súa relación coa seguridade viaria. As obras permitirán completar as beirarrúas e a recollida de pluviais no tramo de estrada que comunica Fonteculler co Portádego, cun dobre obxectivo de mellora de seguridade viaria e de canalización de escorregamentos.

Para o desenvolvemento destas actuacións, a AXI achegará un orzamento de ata un máximo de 170.000 euros e o concello deberá asumir as obrigas económicas que

excedan este importe e levar a cabo todas as actuacións necesarias para a correcta licitación e execución das obras.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A NORMATIVA POLA QUE AO FINAL DA LEXISLATURA HABERÁ 11.000 PRAZAS GRATUÍTAS DE COMEDOR ESCOLAR MÁIS DAS QUE HABÍA NO ANO 2009

- *O decreto, da Consellería de Cultura e Educación, garante a gratuidade para todas as familias cunha renda anual neta per cápita inferior a 7.000 euros, en situación socioeconómica de exclusión social, e vítimas de terrorismo e violencia de xénero*
- *Así mesmo terán acceso gratuíto ao comedor escolar os alumnos que cursen o ensino básico e o segundo ciclo de educación infantil que se atopen en situación de acollemento residencial ou familiar*
- *O servizo será gratuíto, ademais, para as alumnas e alumnos que teñan un grao de discapacidade declarado igual ou superior ao 33%*
- *Tamén gozarán da gratuidade o persoal de cociña, así como os cuidadores, educadores e auxiliares de enfermaría no tempo de desempeño efectivo do seu traballo, e o persoal dos centros e as nais e pais durante os días en que se desenvolva a súa colaboración efectiva*
- *As familias numerosas pagarán como máximo 1 euro por menú*
- *Co novo sistema, a Consellería terá incrementado en dúas lexislaturas en máis de 18.000 o número de prazas nos comedores que xestiona, das cales, ademais das gratuítas, por outras 2.000 só haberá que pagar un euro por menú*

O Consello da Xunta de Galicia deu hoxe o visto e praxe á nova normativa pola que se van regular os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. A aprobación prodúcese logo de que o decreto recibise o ditame favorable do Consello Consultivo de Galicia, que considera que o proxecto de decreto examinado se adecua ao ordenamento xurídico. O propio Consello Consultivo manifesta que "a reforma incide especialmente en que, tratándose dunha prestación non obrigatoria para a Administración, cómpre que parte dos usuarios (aqueles con determinados niveis de renda) asuman parte do custo dos servizos, e configura o comedor escolar como un recurso educativo de carácter complementario, compensatorio e social...".

A Consellería de Cultura e Educación busca co novo decreto establecer un sistema de comedores máis solidario e xusto, no cal os que máis teñen contribúen a blindar a gratuidade para as familias máis desfavorecidas. Ademais, poderase ampliar a rede de comedores xestionados pola Xunta, de modo que en dúas lexislaturas a Consellería terá incrementado en máis de 18.000 o número de prazas, das cales 11.000 serán gratuítas noutras 2.000 só haberá que pagar un euro por menú. Desta forma, o 70% dos usuarios terá o servizo gratis ou pagando tan só un euro por menú.

O novo decreto corrixe así o copagamento establecido en 2007 polo Goberno bipartito, que baseaba case a totalidade da gratuidade do servizo no feito de ser alumno usuario do transporte escolar, permitindo que se producisen situacións en que familias con

rendas altas gozasen do servizo sen pagar nada se os seus fillos utilizan o bus. A gratuidade en casos coma este é sustentada polos prezos públicos pagados, en moitos casos, por familias con rendas medias que utilizan o comedor como ferramenta para a conciliación da vida laboral e familiar e cuxos fillos non utilizan o transporte.

Modalidades

O decreto aprobado hoxe actualiza as modalidades mediante as cales se presta o servizo de comedor. Así, ademais das de xestión directa e indirecta da Consellería, inclúense as modalidades de xestión por administracións públicas distintas da Xunta – como os concellos, mediante a subscripción dun convenio de colaboración-, e de xestión por entidades privadas sen ánimo de lucro – por exemplo as asociacións de nais e pais de alumnos (Anpas)-.

Por outra parte, e tendo en conta a ampliación da rede de comedores xestionada pola Consellería, establécense novas categorías para a clasificación por número de usuarios: tipo A - ata 75 comensais-, tipo B - de 76 a 150 comensais-, tipo C - de 151 a 250 comensais-, tipo D - de 251 a 350 comensais-, tipo E - de 351 a 500 comensais- e tipo F -máis de 500 comensais-. Cómpre lembrar que o decreto do bipartito establecía só cinco categorías, sendo a última a E, para máis de 351 comensais, polo que queda de manifesto a vontade da actual Consellería de continuar incrementando o número de prazas.

Gratuidade e bonificacións

O novo decreto blinda a gratuidade do servizo para as familias con rendas máis baixas – cunha renda familiar anual neta per cápita inferior a 7.000 euros-, en situación socioeconómica de exclusión social, e vítimas de terrorismo e violencia de xénero. Así mesmo, utilizarán o servizo sen pagar nada- nos días en que estean desempeñando o seu labor- o persoal de cociña, coidadores, educadores e auxiliares que atendan no comedor o alumnado, e o persoal funcionario e laboral, pais, nais e titores que colaboren na organización do servizo e atención aos seus usuarios.

Ademais, haberá bonificacións para que os comensais só aboen 1 euro, 2'50 euros ou 4'50 euros, dependendo das súas respectivas rendas familiares. En calquera caso, as familias numerosas pagarán un máximo de 1 euro por menú, e iso no caso de que a súa renda anual neta per cápita sexa igual ou superior a 7.000,01 euros.

Así, fóra dos devanditos casos de gratuidade total, as contías que se deberán aboar serán as seguintes:

1 euro por menú ao día	Unidades familiares cun único menor que curse ensino básico obrigatorio e/ou segundo ciclo de educación infantil	Renda anual neta per cápita de 7.000,01 a 8.000 euros
------------------------	--	---



	Unidades familiares con dous menores que cursen ensino básico obrigatorio e/ou segundo ciclo de educación infantil	Renda anual neta per cápita de 7.000,01 a 8.000 euros
	Unidades familiares con tres ou máis menores que cursen ensino básico obrigatorio e/ou segundo ciclo de educación infantil	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 7.000,01 euros (non hai tope superior, o que indica que as familias numerosas pagarán un máximo de 1 euro por menú)
2,50 euros por menú ao día	Unidades familiares cun único menor que curse ensino básico obrigatorio e/ou segundo ciclo de educación infantil	Renda anual neta per cápita de 8.000,01 a 9.000 euros
	Unidades familiares con dous menores que cursen ensino básico obrigatorio e/ou segundo ciclo de educación infantil	Renda anual neta per cápita de 8.000,01 a 9.000 euros
4,50 euros por menú ao día	Unidades familiares cun único menor que curse ensino básico obrigatorio e/ou segundo ciclo de educación infantil	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 9.000,01 euros
	Unidades familiares con dous menores que cursen ensino básico obrigatorio e/ou segundo ciclo de educación infantil	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 9.000,01 euros

Exemplo: unha familia de pai, nai e dous menores que cursen ensino básico obrigatorio e/ou segundo ciclo de educación infantil terán o comedor escolar gratuito se teñen unha renda anual neta de menos de 28.000 euros.

O concepto de unidade familiar será o definido na normativa do imposto da renda das persoas físicas. Para os efectos de cálculo das bonificacións, a renda familiar anual neta per cápita obterase por agregación das rendas, correspondentes ao exercicio fiscal anterior ao ano natural en que dea comezo o curso escolar, de cada un dos membros da unidade familiar. O cálculo deberá facerse sumando a base imponible xeral coa base imponible do aforro, excluíndose os saldos netos negativos de ganancias e perdas patrimoniais correspondentes aos exercicios anteriores. Deste resultado restarase a cota líquida resultante da autoliquidación. Finalmente, o importe obtido dividirase entre o número de membros que compoñen a unidade familiar.

Para a determinación da renda dos membros computables que obteñan ingresos propios e non teñan obriga de presentar declaración polo imposto sobre a renda das persoas físicas, seguirase o procedemento de suma da base imponible xeral coa base imponible

do aforro, excluíndose os saldos netos negativos de ganancias e perdas patrimoniais correspondentes aos exercicios anteriores. Do resultado obtido restarase os pagamentos a conta efectuados.

Vontade negociadora

A vontade negociadora da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en todos os posibles foros de debate supuxo sempre a aceptación de propostas construtivas. Así, da reunión coa Xunta autonómica de directores incluíuse unha nova categoría de comedor escolar, mentres que a reunión co único sindicato que estivo disposto a debater o texto na mesa sectorial do ensino non universitario foi a orixe de incorporación no texto do decreto de referencias á formación do profesorado e do persoal en materia de comedores, e unha referencia ao deseño de menús saudables e nutricionalmente equilibrados. Froito tamén das suxestións dese sindicato rebaixouse o prezo do menú para os profesores non colaboradores de 5,55 a 4,50 euros, que é o prezo público máximo recollido para as familias, no texto da norma.

Ademais, e como consecuencia da reunión do Comité Intercentros, incorporouse a posibilidade de que coman gratuitamente os cuidadores, educadores e auxiliares de enfermaría que presten atención ás alumnas e aos alumnos, nos días nos que estean desenvolvendo este labor.

Así mesmo, tras o trámite de información pública, a Consellería recolleu no texto tres suxestións realizadas, igual que asumiu propostas efectuadas polos órganos sectoriais preceptivos (DX Orzamentos, DX Función Pública, DX Igualdade, DX Avaliación e Reforma Administrativa) nos seus informes ao proxecto, e principalmente as manifestadas pola Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia no seu informe de legalidade favorable, e a totalidade das formuladas polo Consello Consultivo de Galicia no seu ditame favorable de adecuación do proxecto ao ordenamento xurídico.

APROBADO O DECRETO QUE ESTABLECE O CALENDARIO LABORAL GALEGO PARA O ANO 2014

- ***Nas próximas semanas publicarase no Diario Oficial de Galicia (DOG)***
- ***O Real decreto 2001/1983 establece 14 festivos: dous elixidos por concellos, aos cales se suman 12 marcados polo Estado***
- ***Dos 9 festivos nacionais, 9 son de carácter obrigatorio e 3 poden ser substituídos polas comunidades autónomas, aínda que tradicionalmente estes 3 nunca son cambiados por Galicia, xa que son o 6 de xaneiro, Xoves Santo e o 25 de xullo***
- ***Soamente cando algún dos 9 festivos obrigatorios coincide en domingo, a Comunidade Autónoma pode substituílo polo luns seguinte, ou ben por outro día de interese***
- ***De cara ao próximo ano, é o caso do 12 de outubro, que se substitúe polo 17 de maio, Día das Letras Galegas***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto que establece o calendario laboral para 2014, norma que se publicará no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) nas próximas semanas.

Tal e como se establecía na proposta elevada como informe ao Consello da Xunta o pasado 20 de xuño, o próximo ano será festivo propio autonómico o Día das Letras galegas, xa que o único día que se pode substituír é o 12 de outubro, que coincide en domingo, e que se substitúe polo 17 de maio.

As festas de ámbito nacional non recuperables, remuneradas e de carácter obrigatorio, veñen establecidas no Real decreto 2001/1983, que fixa un máximo de 14 festivos anuais. Estes 14 días divídense do seguinte xeito: 2 son elixidos polos concellos e outros 12 son estatais.

Destes 12, 9 son de carácter obrigatorio e non substituíbles (1 de xaneiro, Venres Santo, 1 de maio, 15 de agosto, 12 de outubro, 1 de novembro, 6 de decembro, 8 de decembro e 25 de decembro), mentres que outros tres festivos poden ser substituídos polas comunidades autónomas. Galicia tradicionalmente non cambia estes tres festivos, xa que son o 6 de xaneiro, o Xoves Santo, e o 25 de xullo, que na nosa Comunidade sempre se fixa xa que é o Día Nacional de Galicia.

Soamente cando algún dos 9 festivos obrigatorios cadra en domingo, a Comunidade Autónoma pode cambialo polo luns seguinte, ou por outro día que fixa a propia Comunidade Autónoma. En 2014, coincide en domingo o 12 de outubro, Día da Hispanidade, que se cambia polo 17 de maio.

Calendario laboral de Galicia para 2014

FESTIVIDADE	DATA	
Aninovo	1 xaneiro	mércores
Día de Reis(**)	6 xaneiro	luns
Xoves Santo(**)	17 de abril	xoves
Venres Santo (*)	18 abril	venres
Festa do Traballo(*)	1 maio	xoves
Día das Letras Galegas(***)	17 maio	sábado
Día Nacional de Galicia(**)	25 xullo	venres
A Asunción(*)	15 agosto	venres
Todos os Santos(*)	1 novembro	sábado
Día da Constitución(*)	6 decembro	sábado
A Inmaculada(*)	8 decembro	luns
Nadal(*)	25 decembro	xoves

(*) Festa de carácter nacional non substituíble

() Festa de carácter nacional sobre a que a Comunidade Autónoma non exerceu a facultade de substitución**

(*) Festa propia da Comunidade Autónoma**

Ao ser **domingo** o 12 de outubro, a Comunidade Autónoma opta por fixar o Día das Letras Galegas como un día propio.

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A ALFONSO GARCÍA MAGARIÑOS NOVO SECRETARIO XERAL TÉCNICO DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

▪ *García Magariños substitúe no cargo a Francisco José Vidal-Pardo*

O Consello da Xunta nomeou esta mañá a Alfonso García Magariños novo secretario xeral técnico da Consellería do Medio Rural e do Mar, en substitución de Francisco José Vidal-Pardo. Nacido en Negreira o 24 de xullo de 1966 e licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela, García Magariños ocupou distintos cargos de letrado na Administración.

Entre os anos 1998 e 2000 foi letrado asesor do Centro Directivo de Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia. En 2000 ocupou o mesmo cargo na Consellería de Medio Ambiente e en 2009 o de letrado da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Tamén foi letrado das secretarías xerais de Presidencia da Xunta desde o ano 2010 e entre xuño de 2011 e marzo de 2013 ocupou o posto de director xeral da Asesoría Xurídica do Concello da Coruña. Desde marzo de 2013 ata a actualidade ocupou o posto de letrado asesor das secretarías xerais da Presidencia da Xunta de Galicia.

Ademais, García Magariños participou e desenvolveu labor consultiva en asuntos do Tribunal de Xustiza da Unión Europea en varios temas e é autor de distintas publicacións e textos relacionados coa xurisdición.

O REGULAMENTO DE EXPLOTACIÓN DOS PORTOS DEPORTIVOS UNIFICA AS CONDICIÓNIS DE ACCESO ÁS PRETO DE 10.000 PRAZAS DE AMARRE DESTAS INSTALACIÓNIS EN GALICIA

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe esta normativa, que é de obrigado cumprimento polo conxunto dos xestores de portos deportivos***
- ***Priorizará os proxectos de dotación de instalacións náuticas que respondan a unha demanda real de servizos e que se implanten preferentemente sobre zonas portuarias de uso náutico-deportivo en portos existentes, portos deportivos con abrigo natural e en portos con abrigo artificial***
- ***O regulamento recolle que, en casos excepcionais, se poidan habilitar nestas instalacións náutico deportivas liñas de atracada para os profesionais do marisqueo e da pesca e unha zona de servizo para uso pesqueiro***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o novo regulamento de explotación dos portos deportivos e das zonas portuarias de uso náutico-deportivo de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia. A través desta normativa, de obrigado cumprimento polo conxunto dos xestores de portos deportivos, unifícase o proceso de acceso ás preto de 10.000 prazas de amarre destes portos e unifícanse os criterios de concesión.

Ademais, esta normativa priorizará os proxectos de dotación de instalacións náuticas que respondan a unha demanda real de servizos e que se implanten preferentemente sobre zonas portuarias de uso náutico-deportivo en portos existentes en primeiro lugar, portos deportivos con abrigo natural en segundo lugar, e en portos con abrigo artificial en último termo.

Por outra banda, o regulamento recolle que, en casos excepcionais, se poidan habilitar nestas instalacións náutico-deportivas liñas de atracada para os profesionais do marisqueo e da pesca e unha zona de servizo para uso pesqueiro, dentro dunha ordenación separada de xeito adecuado dos tráficois.

A través desta normativa tamén se axiliza a xestión dos postos de atracada nas instalacións náuticas, xa que lles permite aos seus xestores a realización de determinadas tramitacións das autorizacións temporais de postos de atracada sen que en ningún caso implique a transferencia de competencias. Deste xeito, promóvese a colaboración dos xestores das instalacións na xestión de solicitudes de prazas de amarre.

A elaboración dun regulamento interno para cada un dos portos deste tipo é outro dos aspectos que aborda este documento, establecendo parámetros de protección e obxectivos de xestión que deberán incorporar as iniciativas de actuación sobre os portos deportivos e as zonas portuarias de uso náutico-deportivo. O obxectivo é asegurar a

xestión sustentable dos recursos, a conservación do litoral e tamén a integración e harmonización das obras coa paisaxe.

Esta norma desenvolve cuestións relacionadas co Plan estratéxico da náutica recreativa e vén dar contido a un baleiro legal. A súa aplicación noutras comunidades autónomas achega resultados beneficiosos para xestores e usuarios. En Galicia, a elaboración do texto realizouse de xeito coordinado co sector, consensuando as principais directrices da norma e implicándoos nun proxecto creado para o seu maior beneficio.

O CONSELLO DA XUNTA OUTORGA AS LICENZAS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL RADIOFÓNICA DE TITULARIDADE PRIVADA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA

- *Coa resolución deste concurso, que outorga estas 84 licenzas por un prazo de 15 anos, dúplícase a oferta informativa radiofónica na Comunidade galega, que pasa das 94 licenzas de FM xa existentes ás 178*

O Goberno galego, reunido hoxe, aprobou o acordo polo que se resolve o concurso público para o outorgamento de 84 licenzas para a prestación do servizo de comunicación audiovisual radiofónica de titularidade privada na Comunidade Autónoma de Galicia, que foi convocado mediante acordo do Consello celebrado o pasado 26 de xullo de 2012 e publicado no DOG o 30 de xullo dese mesmo ano.

Coa resolución deste concurso, que outorga estas licenzas por un prazo de 15 anos, dúplícase a oferta informativa radiofónica na Comunidade galega, que pasa das 94 licenzas de FM xa existentes ás 178.

O pasado 26 de xullo de 2012, o Consello da Xunta acordou aprobar as bases e a convocatoria deste concurso de licenzas a que hoxe se lle dá o visto e praxe, logo de que a mesa de avaliación realizase a proposta o 18 de decembro de 2012, dentro do prazo de 6 meses establecido nas bases da convocatoria. Neste período, foron presentadas 400 ofertas por 53 empresas.

En virtude deste acordo, asígnanse as seguintes frecuencias e parámetros técnicos que se relacionan na seguinte táboa:

PV	LOCALIDADE	F- (MHz)	TITULAR
C	ARZÚA	95,4	AGRUPACIÓN RADIOFÓNICA S.A.
C	ARZÚA	97,7	MEDIOS AUTONOMICOS DE RADIODIFUSIÓN GALLEGOS
C	CARBALLO	88,5	RADIO CORUÑA
C	CARBALLO	92,4	LIBERTAD DIGITAL
C	CARBALLO	96,4	RADIO MARINEDA S.A.
C	CARBALLO	97,0	LA OPINION DE LA CORUÑA
C	CARBALLO	97,8	EDITORIAL LA CAPITAL S.A
C	CARIÑO	89,9	FRIOL PRODUCCION S.L.
C	CARIÑO	101,9	MULTIMEDIA DE COMUNICACIONES DEL ATLANTICO
C	CARIÑO	105,8	INICIATIVA GALEGA DE COMUNICACIÓN
C	CEE	94,2	VOZ DE GALICIA RADIO S.L.U.
C	CEE	95,7	RADIO CORUÑA S.A.
C	CORUÑA, A	87,7	SAUZAL 66
C	CORUÑA, A	99,9	RADIO POPULAR COPE
C	CORUÑA, A	106,8	UNIDAD EDITORIAL INFORMACIÓN DEPORTIVA
C	FERROL	90,6	RADIO TELEVISION DE FERROL S.A.
C	FERROL	93,0	RADIO CORUÑA S.A.
C	FERROL	103,2	RADIO POPULAR COPE
C	MUROS	97,3	VOZ DE GALICIA RADIO S.L.U.
C	MUROS	103,8	EDITORIAL COMPOSTELA S.A.
C	ORDES	97,6	EDITORIAL COMPOSTELA
C	SANTIAGO	87,6	LIBERTAD DIGITAL (OFERTA 1)
C	SANTIAGO	88,9	RADIO POPULAR S.A.
C	SANTIAGO	95,3	UNIPREX (OFERTA 1)



C	SANTIAGO	105,6	SAUZAL 66
C	SANTIAGO	106,1	VOZ DE GALICIA RADIO S.L.U.
C	VIMIANZO	99,5	VOZ DE GALICIA RADIO S.A.
C	VIMIANZO	100,1	ONDA HIT (OFERTA 1)
LU	BECKERREÁ	88,4	KISS RADIO S.A.
LU	BECKERREÁ	101,9	RADIO AMANECER S.A.
LU	CHANTADÁ	100,1	RADIO POPULAR COPE
LU	CHANTADA	106,1	KISS RADIO S.A.
LU	FONSAGRADA, A	94,8	KISS RADIO S.A.
LU	FONSAGRADA, A	101,5	RADIO AMANECER S.A.
LU	FOZ	88,8	EL PROGRESO DE LUGO
LU	FOZ	95,0	RADIO PUBLI S.A.
LU	LUGO	93,3	UNIPREX S.A.U.
LU	LUGO	93,7	RADIO LUGO S.A.
LU	LUGO	98,9	EL PROGRESO DE LUGO
LU	LUGO	105,6	VOZ DE GALICIA RADIO S.A.
LU	MONFORTE DE LEMONS	87,8	VOZ DE GALICIA RADIO S.A.
LU	MONFORTE DE LEMONS	91,8	UNIPREX S.A.U.
LU	NAVIA DE SUARNA	96,9	INICIATIVA GALLEGA DE COMUNICACIÓN S.A.
LU	PALAS DE REI	93,3	EDITORIAL COMPOSTELA S.A.
LU	PALAS DE REI	97,5	INICIATIVA GALLEGA DE COMUNICACIÓN
LU	QUIROGA	93,4	INICIATIVA DE PROMOCIÓN Y PRENSA COMARCAL
LU	RIBADEO	91,7	UNIPREX S.A.U.
LU	SARRIA	90,6	LIBERTAD DIGITAL SA
LU	SARRIA	97,5	RADIO POPULAR COPE S.A.
LU	VILALBA	103,0	VOZ DE GALICIA RADIO SAU
LU	VIVEIRO	88,5	VOZ DE GALICIA RADIO
LU	VIVEIRO	97,0	EL PROGRESO DE LUGO SA
LU	VIVEIRO	99,7	RADIO POPULAR CADENA COPE
OU	ALLARIZ	97,6	LIBERTAD DIGITAL SA
OU	ALLARIZ	106,1	INICIATIVA GALLEGA DE COMUNICACIÓN
OU	AVIÓN	106,0	INICIATIVA GALLEGA DE COMUNICACIÓN
OU	BARCO VALDEORRAS, O	88,4	FARO DE VIGO SAU
OU	BARCO VALDEORRAS, O	90,9	KISS RADIO SA
OU	BARCO VALDEORRAS, O	92,0	UNIPREX SAU
OU	CARBALLIÑO, O	89,4	AGRUPACIÓN RADIOFONICA S.A.
OU	CARBALLIÑO, O	93,7	RADIO POPULAR COPE
OU	CELANOVA	89,0	FRIOL PRODUCCIONES
OU	CELANOVA	100,1	MEDIOS AUTONOMICOS DE RADIODIFUSION GALLEGOS
OU	LOBIOS	89,4	RK20 SA
OU	OURENSE	90,2	FARO DE VIGO SAU
OU	OURENSE	102,4	RADIO POPULAR COPE
OU	OURENSE	103,9	RADIO ORENSE (OFERTA 1)
OU	RIBADAVIA	98,5	UNIPREX SAU
OU	RIBADAVIA	101,8	KISS RADIO SA.
OU	VERIN	97,1	FARO DE VIGO SAU
OU	VERIN	105,5	UNIPREX SAU
OU	VIANA DO BOLO	103,9	INICIATIVA GALLEGA DE COMUNICACIÓN
OU	XINZO DE LIMIA	96,9	VOZ DE GALICIA RADIO SAU
OU	XINZO DE LIMIA	99,3	RADIO PUBLI S.L.
PO	ARBO	97,0	INICIATIVAS DE PROMOCIÓN Y PRENSA COMARCAL
PO	ESTRADA, A	92,2	RADIO PONTEVEDRA
PO	ESTRADA, A	94,9	FARO DE VIGO SAU
PO	ESTRADA, A	99,9	RADIO POPULAR COPE

PO	LALÍN	101,3	EDITORIAL COMPOSTELA
PO	PONTEVEDRA	97,0	FARO DE VIGO SAU
PO	PONTEVEDRA	103,6	UNIPREX SAU (OFERTA 1)
PO	PONTEVEDRA	105,1	RADIO PONTEVEDRA (OFERTA 2)
PO	TUI	105,1	RADIO VIGO
PO	VILAGARCÍA DE AROUSA	96,7	RADIO PUBLI

O anterior concurso, foi convocado no ano 2011, con anterioridade á aprobación do Decreto 102/2012, do 29 de marzo, que desenvolve o servizo de comunicación audiovisual radiofónica no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. Pero, postas de manifesto as incompatibilidades entre o decreto e o réxime previsto nas bases da convocatoria do concurso, declarouse deserto para salvagardar o interese público e protexer a seguridade xurídica de calquera posible licitador ou adxudicatario das licenzas.

O atraso na resolución deste concurso público vén motivada polo coñecemento do acordo para a emisión radiofónica en cadea entre dúas empresas solicitantes, Radio Publi, S.L. do grupo Vocento e Radio Popular, S.A. do grupo COPE. Houbo que esperar a estudar polo miúdo este acordo, a que se pronunciase a Comisión Nacional da Competencia e a que a Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia emitise informe respecto da afectación deste acordo de emisión radiofónica en cadea e as solicitudes presentadas, para garantir a seguridade xurídica da resolución do concurso.

Segundo o previsto no Decreto 102/2012, do 29 de marzo, polo que se desenvolve o servizo de comunicación audiovisual radiofónica no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, o Consello da Xunta é o órgano competente para o outorgamento das licenzas para a prestación do servizo de comunicación audiovisual radiofónica.

O Real decreto 964/2006, do 1 de setembro, polo que se aproba o Plan técnico nacional de radiodifusión sonora en ondas métricas con modulación de frecuencia, procede a atribuír a xestión de determinadas frecuencias á Comunidade Autónoma de Galicia que, cando se trata de servizos prestados mediante ondas hertzianas terrestres, precisarán de licenza previa outorgada mediante concurso.

GALICIA RECUPERARÁ EN 2014 UN PIB POSITIVO E BAIXARÁ A TAXA DE PARO POR PRIMEIRA VEZ DENDE QUE COMEZOU A CRISE

- ***A Xunta logra estabilizar o seu teito de gasto para 2014, que se sitúa en 8.456 millóns de euros, cun descenso do 0,3% respecto a este ano***
- ***É un límite de gasto realista, coherente e responsable que garante a prestación dos servizos públicos***
- ***O PIB galego será positivo en 2014, do 0,6%, unha décima superior ao do Estado, polo que seguirá converxendo con España***
- ***A taxa de paro mellorará en dúas décimas respecto á deste ano e seguirá tendo diferenciais positivos de máis de 4 puntos sobre a media estatal***
- ***O Goberno galego compensará a caída de ingresos cun novo Plan Especial de Loita Contra a Fraude, e seguirá reducindo o seu déficit público e o seu endebedamento de maneira progresiva***
- ***O incremento do obxectivo de déficit para 2013 descarta axustes adicionais e sitúa a Galicia entre as comunidades que terán que facer menos esforzo neste ano, cinco veces menos que a media das autonomías***
- ***Desde o ano 2009 o Goberno autonómico axustou o seu gasto nun 20% ata niveis do ano 2006***

Galicia recuperará no vindeiro ano 2014 unha evolución positiva do PIB e baixará a taxa de paro, polo que será a primeira ocasión en que sucede dende que comezou a crise. Ao mesmo tempo, o Executivo galego aprobou hoxe no Consello da Xunta un teito de gasto non financeiro para 2014 que se sitúa nos 8.456 millóns de euros, un 0,3% inferior ao do presente exercicio.

A conselleira de Facenda, Elena Muñoz Fonteriz, explicou hoxe que o límite de gasto aprobado hoxe é realista, coherente e responsable. Deste xeito, Galicia consegue estabilizar o seu teito de gasto non financeiro ao tempo que garante e blinda a prestación dos servizos públicos na Comunidade.

Respecto da evolución económica, o PIB galego rexistrará en 2014 un incremento do 0,6%, unha décima superior á previsión do Estado. Así, Galicia manterá o proceso de converxencia con España e por primeira vez dende que comezou a crise rematará o exercicio co Produto Interior Bruto en taxas positivas.

En canto á evolución do emprego, a taxa de paro na Comunidade galega mellorará en dúas décimas respecto á de 2013. Con esta previsión, Galicia manterá diferenciais positivos co resto de España de máis de catro puntos. Ademais, tamén será o primeiro ano en que se reduce a taxa de desemprego dende que se iniciou a crise.

Para compensar a redución de ingresos procedentes da caída de entregas a conta e da menor capacidade de endebedamento, o Goberno galego levará a cabo en 2014 un novo

Plan Especial de Loita contra a Fraude, centrado no imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, e no imposto de sucesións e doazóns.

Este plan dará continuación ás actuacións contra a fraude no eido fiscal impulsadas na anterior lexislatura, que permitiron incrementar os ingresos en preto de 230 millóns de euros.

En conxunto, a Comunidade autónoma contará en 2014 con 7.780 millóns de euros de ingresos non financeiros, que serán complementados co 1% de déficit autorizado polo Consejo de Política Fiscal y Financiera (CPFF) para o vindeiro ano, por 576 millóns de euros, e con 100 millóns de axustes de contabilidade nacional. Dende 2009, o Goberno galego axustou o seu gasto nun 20% ata niveis do ano 2006.

Con esta previsión de capacidade máxima de gasto, o Executivo garantirá un ano máis a estabilidade orzamentaria e a solvencia da Facenda autonómica. Ao mesmo tempo, Galicia seguirá reducindo o seu déficit público e o seu endebedamento de maneira progresiva e non abrupta, e o incremento do obxectivo fixado para este ano descarta axustes adicionais.

Menor esforzo de redución de déficit en 2013

Ademais, Galicia será unha das comunidades que terá que realizar neste ano un menor esforzo de redución de déficit público, cinco veces menos que a media das comunidades autónomas. Isto é posible logo de que o Consejo de Política Fiscal y Financiera aprobase onte un límite máximo para a Comunidade galega en 2013 do 1,2%, seis centésimas menos que o déficit rexistrado ao peche do pasado exercicio, do 1,26%.

Así mesmo, o esforzo feito pola Xunta de Galicia nos últimos catro anos a prol da estabilidade orzamentaria convertiuna nunha comunidade de referencia no control do déficit público. De feito, Galicia cumpriu o obxectivo en 2009 e 2010, foi unha das comunidades con menor déficit en 2011 e volveu estar entre as comunidades cumpridoras en 2012. Ademais, xa avanzou que en 2013 cumprirá de novo o obxectivo marcado polo Estado, achegando estabilidade e solvencia ao conxunto de España.

Isto foi posible grazas a medidas pioneiras en austeridade e eficiencia no gasto público, que permiten a Galicia manter unha mellor posición comparativa sobre o resto de comunidades.

Transparencia

Galicia converteuse en 2012 na primeira autonomía en aprobar un teito de gasto. Desta forma, o Executivo galego proporciona transparencia ao proceso orzamentario para a elaboración das contas e garante un teito de gasto máximo, polo que de haber maiores ingresos dos previstos, estes destinaríanse a reducir déficit.

Este é o terceiro ano que se elabora o teito de gasto, como paso previo á elaboración dos orzamentos para o vindeiro ano. En Galicia, a diferenza do que ocorre noutras comunidades que non teñen unha Lei de Estabilidade Orzamentaria propia, o teito de gasto debe debaterse na Cámara autonómica, o que complica os trámites pero mellora e achega unha maior dose de transparencia.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DA EDAR DE MALPICA DE BERGANTIÑOS CO OBXECTIVO DE TER SOLUCIONADAS AS CARENCIAS DE SANEAMENTO DESTE MUNICIPIO A PARTIR DO ANO 2015

- *O Diario Oficial de Galicia (DOG) publicará a licitación desta infraestrutura, cuxo orzamento ascende a máis de 5 millóns de euros, o vindeiro 9 de agosto*
- *A estación depuradora, que se situará no extremo sur do porto, contará coas características necesarias para dar servizo a máis de 7.000 habitantes*
- *No mes de outubro, a Xunta, Portos de Galicia e o Concello de Malpica de Bergantiños asinaron un convenio de colaboración que permite dispoñer dos terreos necesarios para a execución desta infraestrutura hidráulica*

O Consello da Xunta autorizou hoxe un gasto de máis de 5 millóns de euros para a construción da nova estación depuradora de augas residuais (EDAR) de Malpica de Bergantiños co fin de solucionar as carencias no saneamento desta zona a partir do 2015, ano no que entrará en servizo. O *Diario Oficial de Galicia* (DOG) publicará a licitación desta infraestrutura hidráulica o vindeiro 9 de agosto.

A EDAR de Malpica de Bergantiños situarase no extremo sur do peirao, localización consensuada entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través de Augas de Galicia; Portos de Galicia e Concello de Malpica de Bergantiños tras varios estudos de alternativas. Este acordo formalizouse o pasado mes de outubro a través dun convenio de colaboración entre a Xunta, Portos de Galicia e o Concello de Malpica que permite dispoñer dos terreos necesarios para a execución desta infraestrutura hidráulica. O seguinte paso foi a tramitación ambiental do anteproxecto da depuradora de Malpica de Bergantiños, que se iniciou no mes de decembro de 2012. O ditame deste procedemento de avaliación de incidencia ambiental incorporou, ás actuacións previstas, un plan de vixilancia ambiental para o período explotación das novas instalacións, ademais do seguimento dos efectos da vertedura na calidade das augas.

A Consellería de Medio Ambiente someteu a información pública o anteproxecto da estación depuradora, durante un período de 30 días, polo que se trata dunha actuación cuxa documentación por dúas veces se puxo á disposición da cidadanía.


EDAR de Malpica de Bergantiños

A estación depuradora de Malpica de Bergantiños, que contará coas características necesarias para dar servizo a máis de 7.000 habitantes, constará dunha liña de tratamento que, pola súa vez dispón dunha liña de auga, na cal se realizan accións de desinfección; e unha liña de lodos, onde se efectúan os procesos de deshidratación e estabilización.

O proxecto, considerando a capacidade de dilución no punto de vertedura, recolle unha depuración biolóxica para reducir a materia orgánica a través dunha biofiltración, seguida dunha desinfección para asegurar unha boa calidade microbiolóxica da vertedura a pesar de que as zonas de baño están afastadas.

Este proceso de depuración utilizará unha tecnoloxía particularmente avanzada e compacta, xa que o terreo dispoñible para a localización da EDAR se condicionou a manter a actual aliñación no peirao de modo que nun futuro non se impida a construción dunha eventual vía de saída do porto, e para afectar o mínimo número de departamentos portuarios. Deste modo, a nova instalación necesitará 675 m² de superficie, para o cal será necesario demoler 360 m² correspondentes a 13 departamentos do final do peirao e se manterá unha das vías existentes.

No seguinte plano amósase a situación da estación depuradora de Malpica.



A ACHEGA DE 12 MILLÓNS DE EUROS APROBADA HOXE POLO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA BLINDA A PEATONALIZACIÓN DO PARROTE E A CONSTRUCCIÓN DUNHA VÍA SUBTERRÁNEA

- *O orzamento destas obras estímase en máis de 14 millóns de euros, dos cales 12 millóns serán achegados polo Goberno galego*
- *Esta vía subterránea, de máis de 560 metros de lonxitude, discorrerá entre Porta Real e o Castelo de Santo Antón*
- *Priorizaranse os espazos para peóns eliminando a práctica totalidade do tráfico en superficie, que quedará reservado unicamente para os movementos de servizo e residentes*
- *O soterramento mellorará os fluxos que discorren desde a avenida Alférez Provisional en dirección ao Castelo de Santo Antón e co Paseo Marítimo en xeral*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), o Concello da Coruña e a Autoridade Portuaria desta cidade para a construción dunha vía subterránea no peirao do Parrote.

O orzamento de execución destas obras estímase en máis de 14 millóns de euros, dos cales máis de 12 serán achegados polo Goberno galego e o importe restante correspóndelle ao Concello da Coruña. Esta vía subterránea, de 562 metros de lonxitude aproximadamente, discorrerá entre Porta Real e o Castelo de Santo Antón.

A vía subterránea no peirao do Parrote recóllese no convenio de colaboración para o desenvolvemento da mobilidade na dársena da Mariña e O Parrote asinado o 23 de xaneiro de 2012 polo Concello da Coruña e a Autoridade Portuaria da Coruña.

A Autoridade Portuaria da Coruña levará a cabo as actuacións necesarias para a correcta execución das obras, polo que formalizará os actos de recepción técnica destas accións e asumirá as restantes obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Tráficos ordenados

Actualmente, o deseño urbano da zona do Parrote non responde ás necesidades da cidadanía, polo que o Concello da Coruña considera preciso realizar unha reforma que permita dotala de maior calidade urbanística.

Esta necesidade de ordenación dos tráfico en superficie para favorecer a presenza de máis espazos peonís pasa polo soterramento do tráfico de vehículos, reservando aquela unicamente para o tráfico de servizo e os residentes.

Deste xeito, eliminarase a práctica totalidade do tráfico en superficie no peirao do Parrote, conectando os fluxos que discorren desde a avenida Alférez Provisional en dirección ao Castelo de Santo Antón e o Paseo Marítimo en xeral.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PLAN DE XESTIÓN DE SITUACIÓNS DE SECA CON MEDIDAS QUE GARANTAN O ABASTECIMENTO DE AUGA A MÁIS DE DOUS MILLÓNS DE CIDADÁNS

- *O plan ten por obxecto minimizar os efectos negativos tanto ambientais como económicos e sociais que xorden durante episodios de seca*
- *Para a Xunta é prioritario paliar os efectos das secas nos sectores máis vulnerables: o industrial e agrogandeiro, que xuntos representan aproximadamente o 85% da demanda de auga doce da bacía hidrolóxica*
- *O plan establece 4 niveis de gravidade da situación de seca: normalidade, prealerta, alerta e emerxencia, e fixa un protocolo de actuación ante cada un destes niveis*
- *A ocupación actual dos encoros na Demarcación Hidrográfica de Galicia- Costa é do 78,21%, unha cifra que sufriu un lixeiro descenso debido ás últimas semanas caracterizadas polas altas temperaturas e a ausencia de precipitacións*

O Consello da Xunta, na súa sesión de hoxe, autorizou o acordo polo que se aproba o Plan de seca da Demarcación Hidrográfica Galicia- Costa co obxecto de minimizar os efectos negativos tanto ambientais como económicos e sociais que xorden durante episodios de seca, establecéndose como un instrumento que permita á Administración a toma de decisións e a adopción de medidas.

O plan centra os seus esforzos en garantir o abastecemento de preto de 2 millóns de persoas que viven na Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa e dun crecente número de turistas que chegan no período estival.

O Plan da seca define os mecanismos para a previsión e detección da presentación de situacións de seca, en función duns índices de estado e seguimentos baseados nos datos de precipitación, caudais e niveis de ríos e encoros, piezometría e calidade das augas. A partir desta información establécense unhas fases de seca de gravidade progresiva (normalidade, prealerta, alerta e emerxencia), avaliándose as repercusións dos eventos extremos e establecéndose para cada fase as medidas necesarias para minimizar os efectos negativos, así como o protocolo de actuación e coordinación entre todos os axentes con competencias.

O plan supón un grande avance no seguimento, avaliación de períodos de escasas ou nulas precipitacións que lle permitan á Administración a toma de decisións e a adopción de medidas que minimicen os efectos adversos destes períodos de seca.

A Xunta considera que é prioritario paliar os efectos das secas nos sectores máis vulnerables: o industrial e agrogandeiro, que xuntos representan aproximadamente o 85% da demanda de auga doce da bacía hidrolóxica. Estes sectores xeran máis de 180.000 empregos e 6.000 millóns de euros de valor engadido bruto anual.

Obxectivos

O novo plan centra os esforzos da Administración hidráulica de Galicia, ante períodos de seca, nas seguintes liñas:

- Garantir a dispoñibilidade de auga requirida para asegurar a saúde e a vida da poboación.
- Evitar ou minimizar os efectos negativos da seca sobre o estado ecolóxico das masas de auga, en especial sobre o réxime de caudais ecolóxicos, evitando, en todo caso, efectos permanentes sobre este.
- Minimizar os efectos negativos sobre o abastecemento urbano.
- Minimizar os efectos negativos sobre as actividades económicas, segundo a priorización de usos establecidos na lexislación de augas e no plan hidrolóxico.

Niveis de seca

O Plan establece 4 niveis de seca, segundo a gravidade da situación, que se definen a través de 12 indicadores, tanto meteorolóxicos como de estado de ríos, augas subterráneas ou encoros, avaliados de xeito constante por Augas de Galicia. Estes niveis clasifícanse do seguinte xeito:

- **Estado de normalidade:** implica que os indicadores de seca están no contorno dos valores medios rexistrados nas series históricas dos indicadores.
- **Estado de prealerta:** actívase cando os indicadores descenden de forma significativa por debaixo dos valores medios históricos, polo que é conveniente extremar o control.
- **Estado de alerta:** actívase cando é necesario poñer en marcha medidas de conservación do recurso e de xestión da demanda que permitan o seu mantemento con aplicación das medidas de aforro pertinentes.
- **Estado de emerxencia:** actívase cando é ineludible a aplicación de medidas excepcionais.

Dependendo do estado de seca en que se encontren as bacías da Demarcación Galicia-Costa, establécese un plan de actuación, con medidas concretas, adaptado á gravidade da situación.

MEDIDAS DO PLAN DE SECA GALICIA- COSTA	
Normalidade	Fases de menor dispoñibilidade de recurso. Destacan: <ul style="list-style-type: none">- Seguimento cotián dos indicadores- Activación das medidas previstas no Plan hidrolóxico e o Plan Auga- Concienciación cidadá- A nivel municipal, estudo e aprobación de ordenanzas de seca

	e detección e redución de fugas
Prealerta	<p>Incremento da dispoñibilidade do recurso, redución das demandas e mellora da eficiencia no uso da auga. A través de:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Intercambio e actualización da información: procedente dos concellos, dos explotadores dos encoros e dos sistemas de abastecemento, de Protección Civil, de Meteogalicia - Concienciación cidadá - Control dos usos do recurso desde o organismo de bacía - Control dos usos a nivel dos concellos ou sistemas de abastecemento - Aplicación de ordenanzas municipais para situacións de seca - Redución de perdas na rede
Alerta	<p>Conservación do recurso mediante melloras na xestión, uso conxunto de augas superficiais e subterráneas, aforros e limitacións do consumo:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Limitación dos usos e detraccións do recurso desde o organismo de bacía - Limitación dos usos no nivel dos concellos ou sistemas de abastecemento: piscinas, rega de xardíns, baldeamento de rúas... - Restricións no recurso hídrico dispoñible: cortes horarios - Axustes dos caudais de saída dos encoros e caudais ecolóxicos - Emprego de reservas de auga estratéxicas: transvasamentos e transferencias, novos puntos de captación, explotación de novos acuíferos, reutilización de augas residuais, aproveitamento de auga destinada a usos hidroeléctricos... - Aplicación de procedementos administrativos de urxencia - Valorarase a realización de obras de tipo estrutural como a realización de obras de emerxencia
Emerxencia	<p>As pautas neste estado estarán encamiñadas á optimización no gasto dos escasos recursos dispoñibles nesta fase, como</p> <ul style="list-style-type: none"> - restricións aos usos menos prioritarios, e medidas estruturais ou técnicas necesarias en cada caso. - Augas de Galicia só adoptará medidas estruturais, naqueles concellos ou sistemas de abastecemento en que se xustifique que se tomaron as medidas de xestión oportunas encamiñadas á redución dos consumos: - Plans de redución de perdas na rede, detección de fugas e optimización de procesos (busca dunha máxima eficiencia) - Aplicación dunhas tarifas de abastecemento que penalicen consumos excesivos

O plan establece, ademais, un protocolo de actuacións que define os distintos órganos da Administración que participan na avaliación e xestión dos distintos escenarios da seca tanto de Augas de Galicia como de Protección Civil.

Ocupación dos encoros

A ocupación actual dos encoros na Demarcación Hidrográfica de Galicia- Costa é do 78,21%, un 2,66% inferior á ocupación da semana pasada, que era do 80,87%. Respecto do ano pasado, a reserva hidráulica é un 7,40% superior, xa que no ano 2012 a ocupación dos encoros era do 70,82%. En comparación coa media dos últimos cinco anos, a reserva hidráulica é un 9,29% superior, xa que a ocupación media é do 68,93%. O lixeiro descenso de ocupación en Galicia-Costa é debido á escaseza de precipitacións das últimas semanas.

A continuación inclúese una táboa cos datos dos encoros de abastecemento da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa.

DATA: 29/07/2013

ENCOROS GALICIA-COSTA

ENCORO	RÍO	USO	VOL. TOTAL	ACTUAL		ANO 2012		ANO 2011	
				Hm3.	%	Hm3.	%	Hm3.	%
CECEBRE	MERO	A	20,61	19,09	92,62	18,99	92,13	16,03	77,76
EIRAS	OITAVÉN	A	22,17	20,09	90,64	21,85	98,56	16,21	73,13
FORCADAS	FORCADAS	A	9,89	9,81	99,20	9,89	100,00	9,08	91,77
CALDAS DE REIS	UMIA	A/H	6,15	4,62	75,12	4,86	79,02	4,20	68,23
ZAMÁNS	ZAMÁNS	A	2,02	1,72	85,33	1,83	90,58	1,42	70,32
PONTILLÓN DE CASTRO	RONS	A	1,85	1,85	99,61	1,54	83,12	1,33	71,94
BAIONA	BAHIÑA	A	0,71	0,62	87,30	0,66	93,43	0,16	22,47
BECHE	ROUFRÍO	A	0,27	0,25	92,49	0,24	87,47	0,20	71,96
VILAGARCÍA	CON	A	0,26	0,09	33,00	0,21	81,45	0,09	36,02

Os principais encoros de abastecemento de Galicia teñen ocupacións por riba do 75%, unha vez que xa se permite prescindir dos abeiros ante enchentes para primar unha maior ocupación durante o verán e así garantir o abastecemento.

O encoro de Vilagarcía está en valores próximos ao 35%, xa que as achegas son inferiores ao consumo neste período. Non obstante, o seu nivel é característico desta época do ano e, ademais, Vilagarcía de Arousa dispón dunha captación adicional no río Umia.

ECONOMÍA E INDUSTRIA POTENCIA A TRANSFERENCIA DA INVESTIGACIÓN SANITARIA ÁS EMPRESAS COMO MOTOR DE CRECEMENTO

- ***A Axencia Galega de Innovación pon en marcha contratos-programa por 900.000 euros cos centros da Plataforma de innovación sanitaria do Servizo Galego de Saúde***
- ***Promóvese a excelencia científico-técnica e a atracción e retención de talento, así como a captación de fondos dos programas europeos de I+D+i***
- ***Entre os obxectivos figuran a creación de "spin-off", o rexistro de patentes e a análise de proxectos con potencial comercial***
- ***Estas axudas forman parte dos 4,5 millóns de euros que a GAIN destina este ano a contratos-programa cos centros de coñecemento non universitarios***
- ***A iniciativa enmárcase na aplicación da Estratexia estatal de innovación en Galicia (e2i), dotada con 35 millóns de euros***

A Consellería de Economía e Industria, a través da Axencia Galega de Innovación, apoia mediante a posta en marcha de contratos-programa por un total de 900.000 euros o importante labor que desenvolven os centros da Plataforma de innovación sanitaria do Sergas, potenciando a transferencia de resultados das súas investigacións ao tecido empresarial galego para que o sector sanitario actúe como motor de competitividade e crecemento económico.

A través destas axudas, ligadas á obtención de resultados contrastables, promóvese a consolidación destes centros e a potenciación de liñas estratéxicas de investigación para promover a excelencia científico-técnica e a valorización do coñecemento. Ao mesmo tempo, poténciase a atracción e retención de talento mediante actuacións centradas no capital humano, a través da contratación e consolidación de persoal de I+D e iniciativas de formación, entre outros. Os contratos-programa buscan tamén incrementar a participación e captación de fondos dos programas europeos de I+D+i para posicionar a investigación sanitaria realizada en Galicia no Espazo Europeo de Investigación.

Tal e como se aprobou hoxe no Consello da Xunta, os beneficiarios serán a Fundación de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Ramón Domínguez, nacida da fusión das fundacións dos complexos hospitalarios de Santiago (Idichus) e Lugo (Fidi); a Fundación Profesor Novoa Santos, ligada ás áreas sanitarias da Coruña e Ferrol; a Fundación Biomédica do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo e a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica.

A través destes contratos-programa, que promoven e incentivan o esforzo na obtención de resultados de calidade e facilitan a estabilidade do persoal investigador nestes centros, cada fundación comprométese a desenvolver un programa por obxectivos individualizado no cal se plasmen os fitos que se espera obter, necesariamente ligados a unha mellora obxectiva nos resultados da actividade investigadora e innovadora, con

especial atención á transferencia de coñecemento. Neste sentido, entre os obxectivos específicos das fundacións figuran a creación de *spin-off* (empresas para explotar resultados de investigación), o rexistro de patentes e a análise de proxectos con potencial comercial, entre outros.

Estas axudas enmárcanse na aplicación da Estratexia estatal de innovación en Galicia (e2i), dotada con de 35 millóns de euros para actuacións estratéxicas no Sistema galego de I+D+i, dentro da cal a Axencia Galega de Innovación porá en marcha este ano contratos-programa por un total de 4,5 millóns de euros cos centros de coñecemento non universitarios da Comunidade.

Apóíase así a súa consolidación e impúlsase a transferencia de resultados da investigación á empresa, a través dun financiamento estable, non dependente de proxectos concretos, con base en indicadores de xestión e de resultados, co obxectivo de mellorar a competitividade tanto destes centros coma do tecido empresarial galego. En próximas datas publicaranse as convocatorias para os contratos-programa cos centros tecnolóxicos galegos, e tamén está prevista a posta en marcha de acordos cos centros situados en Galicia do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) e o Instituto Español de Oceanografía (IEO).

A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN RENOVA A SÚA COLABORACIÓN COA REAL ACADEMIA GALEGA

- ***As dúas entidades asinarán un convenio para a realización de traballos en investigación terminolóxica, sociolingüística e lexicográfica***
- ***Ademais, a Xunta achegará financiamento á RAG a través de convenios para toponimia, cursos de galego para estranxeiros, actividades culturais e unha subvención nominativa***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, e a Real Academia Galega (RAG) renovarán a súa colaboración na investigación lingüística para potenciar o galego, a través da sinatura dun convenio autorizado hoxe polo Consello da Xunta. Desta forma, o departamento dirixido por Xesús Vázquez Abad cumpre co seu compromiso de manter, malia a situación de crise económica, unha achega suficiente para que a Real Academia Galega poida continuar desenvolvendo con garantías o labor que desempeña desde 1.906 a prol da lingua propia de Galicia. Non en balde, a Consellería achegará neste ano 2013 un total de 550.000 euros á RAG, desde as secretarías xerais de Cultura e Política Lingüística. Cómpre lembrar, ademais, que a Xunta traballou arreo para que esta institución contase coas mesmas achegas por parte do Ministerio de Cultura e Educación que as academias vasca e catalá, conseguindo que o Goberno central incrementase no seu momento a súa achega á RAG.

A colaboración á cal hoxe deu o visto e praxe a reunión semanal do Goberno galego ascende a 232.135 euros e refírese a actuacións de investigación lexicográfica, terminolóxica, sociolingüística do galego, así como á formación filolóxica.

Entre os proxectos que se levarán a cabo en 2013 prevese a revisión da base de datos de márketing, a realización do *Vocabulario dos sistemas de transporte intelixentes*, así como a edición do número 35 de *Cadernos de Lingua*, e mais a revisión e actualización do dicionario da RAG. Respecto da investigación sociolingüística, ao abeiro do convenio facilitarase a realización cun estudo sobre as competencias lingüísticas en galego, e mais doutro sobre o cambio de lingua por motivos como o prestixio do idioma.

Terminoloxía e lexicografía

Despois da colaboración en proxectos como Termigal (Servizo de Terminoloxía Científico-Técnica en Lingua Galega), e tomando este como base, o convenio de 2013 recolle a colaboración entre a Consellería e a RAG para a revisión da base de datos de márketing. Despois da actualización da bibliografía neste campo tan dinámico e da constitución dun corpus documental, estase procedendo á revisión e actualización da terminoloxía do márketing, tomando como base a información xa existente en Termigal, depurándoa e actualizándoa tanto no plano das denominacións coma no plano conceptual.

Ademais, no eido da terminoloxía realizarase o *Vocabulario dos sistemas de transporte intelixentes*, en colaboración coa rede REALITER.

En materia de lexicografía, a colaboración entre a Real Academia Galega e a Consellería cubrirá os traballos de revisión, corrección e actualización do Dicionario, prestando especial atención ao campo dos sinónimos e palabras afíns, coa finalidade de extraer o dicionario específico de sinónimos e palabras afíns. Ademais, ao abeiro deste acordo, a RAG editará o número 35 de *Cadernos de Lingua*.

Investigación sociolingüística

No que atinxe á investigación sociolingüística, a colaboración centrarase fundamentalmente en dous proxectos. Por unha banda, o de competencia lingüística en galego e castelán ao final do ensino obrigatorio en Galicia, que se ocupará de coñecer as variables que teñen unha capacidade explicativa nos resultados das competencias gramaticais e léxicas escritas en galego e castelán ao final da etapa do ensino obrigatorio.

Por outra banda realizarase o estudo de cambio de lingua habitual en Galicia, para coñecer o número e as características das persoas que cambian á lingua de menos prestixio social ou as que comezan a utilizar habitualmente a lingua maioritaria aínda que non se socializasen nela. Estes suxeitos son actores fundamentais para a recuperación ou a perda progresiva dunha lingua.

CULTURA E EDUCACIÓN CONCEDERÁ 94 AXUDAS Á ETAPA PREDOUTORAL, UN 17,5 % MÁIS DO PROMEDIO DAS CONCEDIDAS EN TEMPOS DE BONANZA ECONÓMICA

- *Ademais, estabilizaranse 23 investigadores, un dos maiores números de estabilizacións producido nos últimos anos*
- *Tamén se manterá a súa achega ao Consorcio de Bibliotecas de Galicia para facilitar o acceso dos investigadores, docentes e estudantes aos recursos de información científica en liña*
- *Para todas estas accións de impulso á I+D+i no SUG destinaranse máis de 9,4 millóns de euros*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria achegará ás universidades galegas máis de 9,4 millóns de euros para o impulso da I+D+i no Sistema universitario de Galicia. Así, concederá 94 axudas do Programa de apoio á etapa predoutoral – un 17,5% máis ca o promedio das convocadas nos anos de bonanza do Bipartito-, no marco do Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015 (Plan I2C) para o ano 2013; así como para a estabilización de 23 investigadores dos programas Parga Pondal e Ramón y Cajal durante un período de tres anos.

Ademais, o Consello da Xunta deu tamén hoxe o visto e prace á renovación do convenio co Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia (Bugalicia). Con este acordo, e coa porcentaxe que se consigna para tal efecto na concesión das axudas a grupos e proxectos de investigación, a Consellería mantén o mesmo nivel de compromiso orzamentario que en anos anteriores, co obxecto de facilitar aos investigadores, docentes e estudantes o acceso aos recursos de información científica en liña sen diminuír o número das publicacións accesibles.

Este investimento ratifica a aposta da Xunta pola I+D+i producida desde o Sistema Universitario de Galicia (SUG) como motor de desenvolvemento da nosa terra. Neste sentido favorécese a investigación nas nosas universidades, tanto poñendo á disposición do seu persoal os recursos e publicacións científicas máis avanzadas, así como apoiando a formación como doutores de tituladas e titulados superiores en centros do SUG. Así mesmo, favorécese a incorporación á universidade galega destes investigadores formados co esforzo da Comunidade Autónoma ás universidades galegas, a través das convocatorias para a estabilización de 22 bolseiros Parga Pondal e un Ramón y Cajal.

Axudas á etapa predoutoral

A concesión de axudas do Programa de apoio á etapa predoutoral presta especial atención aos sectores estratéxicos en que Galicia posúe contrastada potencialidade, o que se reflicte nas modalidades para os campus de excelencia internacional Campus do

Mar - liderado pola Universidade de Vigo- e Campus Vida - liderado pola Universidade de Santiago de Compostela-.

A consellería financiará un máximo de 94 contratos de tres anos de duración, 70 na modalidade de axudas de apoio á etapa predoutoral de carácter xeral, e 12 para as modalidades correspondentes a cada un dos respectivos campus de excelencia.

Poderán solicitar estas axudas, co visto e prace da súa universidade, as tituladas e os titulados superiores que se vaian formar como doutores nas universidades do SUG. Os seleccionados quedarán vinculados á universidade onde desenvolvan a súa actividade a través dun contrato de traballo en prácticas ou dun contrato laboral. Cómpre salientar que esta etapa constitúe a base para que mediante a execución dun proxecto de investigacións se adquiran as habilidades propias do persoal investigador.

Estabilización

No que atinxe á estabilización de investigadores, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria financiará durante tres anos a contratación de 22 investigadores do programa Parga Pondal e 1 do Ramón y Cajal (xestionado polo Ministerio de Economía e Competitividade, e que se enmarca no Programa de incentivación da incorporación e intensificación da actividade investigadora (Programa I3). Trátase así dun dos anos con máis estabilizacións dos últimos tempos.

A contratación farase por un período de tres anos, cun salario equivalente ás retribucións dun profesor titular de universidades. Por universidades, a estabilización beneficiará 12 investigadores da Universidade de Santiago de Compostela – 1 deles o que procede do programa Ramón y Cajal-, 9 da Universidade de Vigo e 2 da Universidade da Coruña.

Bugalicia

Para que todas estas persoas, así como o conxunto do persoal universitario, poidan acceder aos máis avanzados recursos científicos, a Consellería vai renovar un ano máis o seu convenio de colaboración co Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia (Bugalicia) co obxecto de lles facilitar aos investigadores, docentes e estudantes o acceso aos recursos de información científica en liña. O obxectivo é pór á disposición, a través dos servizos e recursos de Bugalicia, dos grupos de investigación, do persoal docente e dos estudantes un abano de recursos de información científica en liña (bases de datos, revistas electrónicas e *e-books*) que resultan básicos para o desenvolvemento do traballo científico e docente.

A axuda irá destinada a financiar o custo dos ditos recursos, así como do soporte ás novas tecnoloxías nos servizos bibliotecarios. Recursos que serán accesibles para persoal docente e investigador do SUG. Búscase favorecer así o acceso á produción científica que se está a xerar, dentro e fóra, poñendo á disposición dos estudantes e dos

investigadores unha útil ferramenta tecnolóxica: o acceso a través da rede a un alto número de recursos electrónicos de información científica.

O Consorcio Bugalicia ten como obxectivo fundamental a mellora continua da calidade dos servizos bibliotecarios do Sistema universitario galego a través da cooperación interbibliotecaria. Ademais, supón dar resposta á evolución das bibliotecas tradicionais cara a un contorno en que a proliferación de recursos electrónicos e as problemáticas de distribución e almacenamento da información mudou o concepto de biblioteca e a xestión da información científica.

CULTURA E EDUCACIÓN DESTINA 307.759 EUROS PARA AS OBRAS DE POSTA EN VALOR DO TEATRO COLISEO NOELA, EN NOIA

- ***O obxectivo principal desta intervención é a rehabilitación do edificio para facilitar o seu uso como infraestrutura cultural***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria investirá 307.759 euros para a realización das obras de reparación e acondicionamento do Teatro Coliseo Noela, en Noia. O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería e o Concello de Noia para a execución desta intervención.

A través desta intervención, a Xunta de Galicia fai un grande esforzo económico financiando integramente o custo das obras para así conseguir poñer en valor un edificio patrimonial singular e un espazo cultural esencial para os veciños de Noia. Pola súa banda, o Concello limítase a ceder o edificio para a execución das obras, pero non colabora economicamente.

O Teatro Coliseo Noela, que data do ano 1920, sofre un estado de deterioración progresiva, polo que a Consellería de Cultura e Educación rehabilitará o edificio para facilitar o seu uso como infraestrutura cultural. Deste xeito, rehabilitarase a cuberta, instalarase un ascensor, realizaranse unha serie de intervencións que melloren a seguridade e repararanse diferentes revestimentos. Así mesmo, executaranse traballos que melloren as condicións para o seu uso coa instalación de medios que faciliten a accesibilidade. As obras está previsto que comecen este ano e continúen en 2014.

Espazo cultural de referencia

O Teatro Coliseo Noela, inaugurado en 1921, atópase nun contorno urbano, na rúa do Curro, preto da igrexa de San Martiño na vila de Noia. Trátase dunha construción da segunda década do século XX, de estilo modernista. O edificio está formado por dous corpos, con cinco arcos na parte inferior que se corresponden con ocos na parte superior. No centro da fachada sobresaen elementos verticais xeométricos de carácter ornamental. A planta do edificio é rectangular cunha escaleira oval no seu interior.

No seu comezo dedicaba a súa actividade a zarzuelas, teatro, conferencias e concertos ata o ano 1966, cando foi destinado exclusivamente a espectáculos de cine ata 1986. O edificio Teatro Coliseo Noela volveu abrir as súas portas o 23 de xullo de 1999. Cunha capacidade de 342 localidades, na actualidade dedícase a espectáculos de teatro, concertos, cine, congresos, música e danza.